

ACTA Nº 52 DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

DATA: 29 de abril de 2024

HORA DE COMEZO: 10:30 h.

HORA DE REMATE: 11:25 h.

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)

Brao Viña, Ana M^ª (PAS)

Campos Magdaleno, María (PDI)

Fernández Fernández, Natalia (Representante de estudantes)

López Gómez, Santiago (PDI)

López Rúa, Paula (PDI)

Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)

Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

Simil Romero, Isabel (Representante de estudantes)

Souto Seijo, Alba María (PDI)

DESCULPAN ASISTENCIA

Dosil Díaz, Carlos (PDI)

Romero Castro, María José (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (Achéganse actas).
2. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2022-23) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede (Achégase informe)
3. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2022-23) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede (Achégase informe)
4. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.
5. Análise e reflexión sobre as queixas e reclamacións do alumnado, e decisións a tomar.
6. Rolda aberta de intervencións

1. Aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores.

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, da a palabra á secretaria, Virginia Aznar, quen indica que non houbo alegacións ás actas enviadas e somete a aprobación a acta nº 48 (sesión ordinaria), a acta nº 49 (sesión extraordinaria), a acta nº 50 (sesión extraordinaria), e a acta nº 51 (sesión extraordinaria) da Comisión de Calidade da FFP. Apróbanse todas as actas por asentimento.

2. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2022-23) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede.

A presidenta da Comisión cede a palabra á coordinadora do Título, Alba María Souto Seijo, quen fai un resumo dos datos máis importantes do informe de seguimento do título. Indica que os datos mantéñense en xeral en valores satisfactorios e similares aos do curso anterior. Señala que a nota media de acceso no curso 2022-23 foi de 10,07, descendendo lixeiramente con respecto ao curso anterior, a ratio de alumnado por docente continua a ser elevada, o que dificulta o óptimo desenvolvemento das actividades formativas, sendo a media de alumnado por grupo de docencia interactiva no curso 2022-23 de 27,38 (86,52 para materias de formación básica e obrigatorias e 42,53 para as materias optativas), e a participación en programas de mobilidade, tanto do alumnado como do profesorado, continúa a ser baixa, aínda que, no caso do alumnado, apréciase un aumento dende o curso 2020-21.

No que respecta ás tarefas de coordinación, indica que son valoradas positivamente polo profesorado nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida (no ítem relativo á

coordinación entre as distintas materias obtense unha media de 3,75 sobre 5), e na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, a coordinación dos docentes na organización do título obtivo unha media de 3,60 no curso 2022-23.

Polo que se refire aos indicadores de resultados, a coordinadora do título indica algúns datos como: a taxa de graduación do 86,14% no curso 2022-23, a duración media dos estudos de 4,17 anos, que se mantén con escasas variacións dende o curso 2014-15, e as taxas de éxito, rendemento e avaliación superiores ao 90%.

En canto á satisfacción dos grupos de interese e participación nas enquisas, sinala os seguintes datos:

- Satisfacción do alumnado coa titulación, que sufriu un lixeiro descenso, sendo de 2,87 puntos no curso 2022-23 (compre salientar que a porcentaxe de participación mantense en niveis baixos, sendo do 5,87% no curso 2022-23). O ítem que obtivo a puntuación máis baixa fai referencia aos horarios (2,18 sobre 5). O ítem mellor valorado relaciónase coa utilidade do campus virtual (3,45 sobre 5).
- Satisfacción dos egresados coa titulación: 4,25 sobre 5.
- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 4,27 sobre 5 (4,37 na FFP e 4,02 na FCE). Todos os ítems valóranse de media cunha puntuación superior a 4 puntos de 5. A porcentaxe media de participación foi do 35% no curso 2022-23 (46,84% na FFP-Lugo e 22,8% na FCE-Santiago).
- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,22 sobre 5. A porcentaxe de participación ascendeu ata o 66,46%.
- Satisfacción do profesorado coa titulación: No curso 2022-23, a satisfacción global sitúase en 3,88 sobre 5. Os aspectos mellor valorados continúan a ser a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4,60) e a utilidade do campus virtual (4,48). Os aspectos cunha valoración máis negativa son novamente as aulas e ao seu equipamento (3,34) e a coordinación entre os docentes (3,60). A participación nas enquisas incrementouse ata o 43,80%.
- Satisfacción do alumnado coas prácticas externas: continúa a ser elevada (4,53 puntos de media).
- Satisfacción dos titores externos coas prácticas: valoración xeral de 4,39 sobre 5 na FCE-Santiago e 4,44 na FFP-Lugo (de media, 4,40).
- Satisfacción dos titores académicos coas prácticas: 4,26 (lixeiro descenso con respecto ao curso anterior).

Algúns datos sobre o PDI que apunta a coordinadora fan referencia á porcentaxe de PDI funcionario (18,5% de media), a porcentaxe de PDI doutor (descende lixeiramente con respecto ao curso anterior pasando do 73,04% no curso 2021-22 ao 71,19% no curso 2022-23) e a participación do PDI en cursos de formación (47,46% na FFP-Lugo e do 34,29% na FCE-Santiago). A satisfacción coa formación recibida continúa a ser alta (4,59 sobre 5).

Tamén comenta algúns datos sobre o PAS, que son comúns ao informe de seguimento da titulación de Primaria, e que se refiren a necesidade dun segundo conserxe de tarde para a FFP, a satisfacción do colectivo co traballo desenvolvido que continúa a ser alto (a valoración media é de 4,14, e a participación na enquisa do 63,64%), a participación en cursos de formación moi satisfactoria (no curso 2022-23 esta porcentaxe acadou o 72,73% na FFP-Lugo e situouse no 31,58% na FCE-Santiago), e a satisfacción do PAS coa formación tamén se mantén en bos niveis (8,27 de media intercampus sobre 10).

En canto ao plan de melloras, a coordinadora indica que se contemplaban un total de 20 accións finalizadas (curso 2022-23): 2 de Lugo, 13 de Santiago e 6 comúns, e que se abren 15 accións (curso 2023-24): 4 de Lugo, 7 de Santiago e 4 comúns. A continuación detalla todas estas accións:

Accións finalizadas conxuntas (FFP-Lugo e FCE-Santiago):

- En relación á AM-MI-01, relacionada coa publicación do RD 822/2021, cómpre sinalar que no curso 2022-23 realizouse unha declaración de intencións para modificar o título (aprobada nos diferentes órganos e comisións) e o correspondente informe razoado, pero non se continuou coa tarefa ao terse paralizado o proceso. A acción reabrirase no seguinte curso 2023-24.
- No que concirne á acción de mellora relativa á baixa participación do alumnado en programas de mobilidade (AM-MI-10) é preciso sinalar que a Responsable Académica de Mobilidade da FFP Lugo, xunto cos coordinadores dos títulos e os coordinadores de curso informaron cumpridamente ao alumnado por medio do Campus Virtual sobre convocatorias de mobilidade, solucionando as dúbidas indicadas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores de mobilidade correspondentes. As posibilidades de mobilidade publicitáronse tamén na xornada de acollida ao alumnado de nova incorporación. Esta tarefa reabrirase no curso 23-24 para continuar o traballo nesta liña.
- Con respecto á AM-MI-11, relacionada coa posibilidade de realización do prácticum no estranxeiro cómpre sinalar que na FFP-Lugo non se executou, posto que se analizou previamente a súa viabilidade en Comisión de Calidade concluíndose que o programa máis acaído para validar o Prácticum sería o Erasmus+ Prácticas. Tampouco se desenvolveu na FCE-Santiago.
- Con respecto á AM-MI-14, relacionada coa baixa participación de alumnado e egresados nas enquisas de satisfacción, na FFP-Lugo (despois de que o Vicedecanato da Facultade contactara coa Área de Calidade para solicitar información sobre as condicións de administración das enquisas) aumentouse a publicidade daquelas enquisas das que foi informada a Facultade, incluíndo as de satisfacción coa titulación.
- No que concirne á acción de mellora relativa aos recursos humanos dos centros (AM-MI-16) infórmase de que a acción non se executou, polo que a tarefa se adía para o curso 23-24.
- En relación á acción de mellora relacionada coa carga de traballo dos PAS (AM-MI-17), na FFP-Lugo cursouse novamente a solicitude de reforzo de PAS.

Accións finalizadas na FFP de Lugo:

- No que respecta á acción de mellora relativa á reactivación da materia optativa “Experiencias de aprendizaxe na era dixital” (AM-MI-13) é preciso indicar que se cursou a correspondente solicitude para a reactivación da materia, pero esta non foi aprobada.
- Con respecto á AM-MI-07, relativa a favorecer a formación de profesorado e alumnado en metodoloxías innovadoras, procedeuse á organización do I Simposio de Formación e Innovación Educativa (Forinnova).

Accións finalizadas na FCE de Santiago:

- Elaborouse a guía de coordinación para delimitar as funcións das diferentes figuras implicadas nas Coordinacións do Título (AM-MI-02)
- Fíxose unha proposta formativa para o persoal docente e investigador (AM-MI-03)
- Deseñouse un programa específico dende o Decanato da facultade para guiar ao alumnado interesado (AM-MI-04)
- Desenvolvéronse diferentes xornadas dirixidas ao alumnado do Grao (AM-MI-05)
- Desenvolveuse unha xornada de acoillida dirixida ao alumnado de todos os cursos de Grao (AM-MI-06)
- Organizáronse actividades en colaboración coa biblioteca da Facultade para que o alumnado ampliara os seus coñecementos, analizándose os datos recollidos de cara a cursos futuros (AM-MI-08)
- Para fortalecer os vínculos entre os titores universitarios e non universitarios do Prácticum o persoal docente da Universidade contactou cos titores dos centros de prácticas e mantiveron un contacto constante. De todas formas, esta acción reabrirase para o curso académico 2023-2024 (AM-MI-09)
- Analizáronse as causas da baixa participación do alumnado egresado (AM-MI-15)
- No que concirne á acción relativa a potenciar a implicación do alumnado en actividades extracurriculares (AM-MI-12), recolléronse as actividades previstas en diferentes reunións dos coordinadores e coordinadoras de curso co profesorado da titulación, pero non se sistematizou toda a información a través das canles pertinentes polo que a acción reábrese no curso 2023-2024
- Fíxose unha consulta sobre os espazos á área de Didáctica da Expresión Corporal e tomáronse as medidas oportunas por parte de Decanato, levando a cabo as obras pertinentes nas infraestruturas que o requirían (AM-MI-18)
- Reforzáronse as prácticas extracurriculares con entidades educativas da etapa 0-3 así como se desenvolveron actividades relacionadas con esta etapa (AM-MI-19)
- Analizouse a situación dos horarios en todas as titulacións da Facultade, identificando os maiores problemas e desaxustes, a partir de aí se estudaron as posibles solucións e as súas implicacións e se elaborou un informe con propostas presentado e aprobado na Xunta de Facultade (AM-MI-20).

En canto ás accións abertas, e considerando as accións de mellora e as necesidades que derivan das mesmas, para o curso 2023-2024, a coordinadora indica que se abren

diferentes novas accións conxuntas (FFP-Lugo e FCE-Santiago) destinadas á análise da normativa da Universidade de Santiago de Compostela referente ás modificacións das memorias dos Graos, ao impulso da mobilidade do alumnado, á toma de medidas (dentro das capacidades de actuación dos centros) para diminuír a ratio profesor-alumno, evitar a dispersión de horas do profesorado en diferentes centros e títulos, e procurar a estabilización e funcionarización da plantilla docente, e a fomentar actividades de innovación.

Así mesmo, na FFP-Lugo tamén se porán en marcha iniciativas como as I Jornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa na FFP (Forinnova Lite) para favorecer a formación de profesorado e alumnado en metodoloxías innovadoras. Ademais tamén se realizarán accións destinadas ao aumento da participación nas enquisas do alumnado, e se analizarán as necesidades formativas do PDI da titulación para crear un itinerario formativo específico para o profesorado da Facultade. Finalmente, abrírase unha acción para cursar á Vicerreitoría correspondente a solicitude para o cambio de modalidade de docencia en dúas materias da área de Didáctica da Expresión Plástica. Trátase dunha modificación non substancial da Memoria do Título, que será incorporada na seguinte modificación que se realice na Memoria.

As accións de mellora para o curso 2023-2024 na FCE-Santiago van na liña de incidir na xornada de acollida dentro do Plan de Acción Titorial, propoñer diferentes cursos para que o alumnado poida mellorar as súas aprendizaxes ou mellorar a comunicación entre os titores e os supervisores do Practicum I e II. Ademais, tratarase de fomentar a coordinación docente a través de medidas específicas. Por outro lado, insistírase co alumnado de 4º na importancia na participación nas enquisas e se estudarán, de novo, os horarios da titulación para propoñer melloras para o alumnado e o persoal docente.

Despois desta exposición da coordinadora, Alba María Souto , a presidenta da Comisión fai fincapé na baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e sinala que con baixo número de respostas as valoracións son máis negativas. Invita ás representantes do alumnado a que manifesten a súa opinión para ver posibilidades de mellora. A alumna Isabel Simil comenta que o alumnado cando non ten moito que dicir nas enquisas, nin bo nin malo, non está motivado para cubrilas. O alumnado que ten interese en poñer de manifesto unha queixa atopa aquí unha vía para expresar a súa opinión de maneira anónima. Carmen Sarceda indica que na Comisión de Título suxeríuse incentivar a participación do alumnado a través dun sorteo dun agasallo. Isabel Simil apunta que iso seguramente aumentaría a participación pero dubida se melloraría tamén a calidade das respostas, aínda que pode ser unha boa idea para probar e analizar resultados.

En canto aos horarios, outro ítem con baixa cualificación nas enquisas, o vicedecano Santiago López, explica que este ano se atenderon ao 100% das solicitudes de axustes dos

docentes, e a varias demandas dos representantes do alumnado, xustificándolles as que non se puideron atender en base ás diferentes casuísticas que hai que ter en conta na elaboración de horarios (horario do Dobre Grao, dotación de profesorado, espazos dispoñibles, etc.). A profesora María Campos tamén apunta que dentro das demandas do alumnado hai solicitudes contraditorias, de tal xeito que o que lle ven ben a unha persoa é o que non quere a outra. A alumna Isabel Simil indica que é consciente das dificultades de facer os horarios pero que a maioría do alumnado esta de acordo en que as horas de clase sexan o máis seguidas posible. A decana intervén indicando que se terán en conta, na medida do posible, esas demandas do alumnado e agradece que se poñan de manifesto porque moitas veces non se é consciente das mesmas. A profesora Paula López tamén engade que a dispersión de horas son unha boa oportunidade para facilitar a reunión dos grupos de traballo, nesas horas entre sesións de clase.

Despois de todas as intervencións, a presidenta da Comisión somete a aprobación o Informe de seguimento (curso 2022-23) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil. Apróbase por asentimento.

3. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2022-23) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede.

A presidenta da Comisión cede a palabra á coordinadora do Título, María Campos Magdaleno, quen fai un resumo dos datos máis importantes do informe de seguimento do título de Primaria e a simultaneidade de estudos de Dobre Grao (DG). Indica que os datos mantéñense en xeral en valores satisfactorios e similares aos do curso anterior. Sinala que a nota media de acceso no curso 2022-23 foi de 10,18 en Lugo, e de 11,09 a nivel intercampus, o que supón a nota máis alta dos últimos cursos despois dunha crecente subida dende o 2018. No caso do DG, a nota media continúa elevada motivada pola limitación de prazas, atopándose en 12,59 para ambos campus. Sinala que a ratio de alumnado por docente continua a ser elevada, o que dificulta o óptimo desenvolvemento das actividades formativas, sendo a media de alumnado por grupo de docencia interactiva no curso 2022-23 de 25,92 (77,36 para materias de formación básica e obrigatorias e 41,38 para as materias optativas), e a participación en programas de mobilidade, tanto do alumnado como do profesorado, continúa a ser baixa, no caso do alumnado foi un alumno de SICUE e 2 de ERASMUS en Primaria, e 4 de ERASMUS en DG, e un 3,64% do total de profesorado no curso 22-23.

No que respecta ás tarefas de coordinación, sinala que estas son valoradas positivamente polo profesorado nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida. No ítem relativo á coordinación entre as distintas materias obtense unha media de 4,28 sobre 5 nos dous campus. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, a coordinación dos docentes na organización do título obtivo unha media de 3,59 sobre 5 no curso 22-23, mantendo a liña de cursos anteriores.

Polo que se refire aos indicadores de resultados, a coordinadora do título indica algúns datos como: a taxa de graduación do 72,47% en Primaria no curso 2022-23, a duración media dos estudos de 4,2 anos (mantense con escasas variacións dende o curso 18-19), e as taxas de éxito, rendemento e avaliación superiores ao 96%, en liñas similares a cursos pasados.

En canto á satisfacción dos grupos de interese e participación nas enquisas, sinala os seguintes datos:

- Satisfacción do profesorado coa titulación: No curso 22-23, a satisfacción global sitúase en 3,93 sobre 5.
- Satisfacción do alumnado coa titulación: 3,27 sobre 5, a segunda cifra máis alta na serie histórica contemplada.
- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 4,15 sobre 5 en Primaria, a cifra máis alta dos últimos cursos; e 4,04 no DG, en liña con cursos anteriores.
- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,28 sobre 5, o segundo dato máis alto.
- Satisfacción do alumnado coas prácticas externas: 4,36 puntos de media intercampus (4,5 na FFP), o valor máis alto da serie histórica.
- Satisfacción dos titores externos coas prácticas: valoración xeral de 4,39 intercampus, concretamente 4,44 en Lugo, a cifra máis alta da serie histórica.

Algúns datos sobre o PDI que apunta a coordinadora fan referencia á porcentaxe de PDI funcionario (18,33% de media), a porcentaxe de PDI doutor (65%, aumentando seis puntos con respecto do curso anterior, e máis de dez puntos respecto aos dous cursos anteriores) e a participación do PDI en cursos de formación (42,62%) na FFP de Lugo.

Tamén comenta algúns datos sobre o PAS, que son comúns ao informe de seguimento da titulación de Primaria, e que se refiren a necesidade dun segundo conserxe de tarde para a FFP, a satisfacción do colectivo co traballo desenvolvido que continúa a ser alto (a valoración media é de 4 sobre 5), a participación en cursos de formación foi moi satisfactoria (acadou o 72,73% na FFP-Lugo), e a satisfacción do PAS coa formación tamén se mantén en bos niveis (8,27 de media intercampus sobre 10).

En canto ao plan de melloras, a coordinadora indica que se contemplaban un total de 17 accións finalizadas (curso 2022-23): 4 de Lugo, 6 de Santiago e 7 comúns, e que se abren 12 accións (curso 2023-24): 3 de Lugo, 4 de Santiago e 5 comúns. A continuación detalla todas estas accións:

Accións finalizadas na FFP de Lugo

- AM-01, relativa á recollida e difusión entre o profesorado das actividades docentes nun calendario de carga de traballo para o alumnado. Acción pechada e eficaz.

- AM-02, relativa a garantir as horas mínimas de estadía de Prácticum e tratar de aumentalas. Non viable por non poder concentrar máis o número de horas docentes das materias. Acción pechada e non eficaz.
- AM-03, relativa ao excesivo peso de metodoloxías docentes tradicionais. Ponse en marcha o FORINNOVA. Acción pechada, eficaz, e reábrese para o próximo curso.
- AM-04, relativa ao instrumento de avaliación do alumnado do Prácticum en colaboración coas persoas titoras do centro. Acción pechada e eficaz.

Accións finalizadas conxuntas:

- AM-05, sobre introdución de metodoloxías docentes máis innovadoras a través de convocatorias de innovación educativa. A tarefa non foi executada por non existir convocatorias, pero animouse ao persoal docente a participar en actividades ApS. A tarefa foi completada con éxito. Acción pechada, eficaz, e que se reabre para o próximo curso.
- AM-06, para fomentar a mobilidade do alumnado. Publicítanse as oportunidades e resólvense as dúbidas. Acción pechada, eficaz, e que se reabre para o próximo curso.
- AM-07, para corrixir un desaxuste entre as mencións recollidas na Memoria do Título e a oferta real. Non foi executada por terse paralizado o proceso.
- AM-08, relacionadas coa admisión de máis alumnado que prazas ofertadas. Foi executada pero non de forma conxunta. O Decanato de Lugo remitiu un escrito a Viterreitoría correspondente solicitando que se respectase o número de prazas de novo ingreso. Acción executada e non eficaz.
- AM-09, sobre baixa participación nas enquisas de satisfacción. Incrementouse a publicidade das enquisas, observándose un lixeiro aumento. Acción pechada, eficaz, e reábrese para o vindeiro curso.
- AM-10, sobre a redución da ratio profesorado-alumnado. Non se puido realizar por ter o POD xa elaborado por parte dos departamentos. Reábrese esta acción para o próximo curso.
- AM-11, sobre análise do RD 822/2021. Non foi executada por terse paralizado o proceso. Reabrirase o próximo curso.

Accións finalizadas da FCE de Santiago:

- Estas accións de mellora refírense á posta en marcha de xornadas de innovación, biblioteca, e orientación laboral entre outras. Todas elas atópanse máis detalladas na memoria.

Para o curso 23-24, a coordinadora indica que as novas accións conxuntas abertas están destinadas á corrixir o desaxuste entre as mencións recollidas na Memoria do Título e a oferta real, a actualizar os Graos aos novos requerimentos normativos, a reducir a ratio profesorado-alumnado, e a seguir fomentando metodoloxías docentes innovadoras e a participación do alumnado nos programas de mobilidade.

Concretamente, na FFP-Lugo ábreanse accións destinadas a fomentar o traballo docente con metodoloxías innovadoras a través do Forinnova, a aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, e a crear un itinerario formativo específico para o profesorado da facultade.

Pola súa parte, na FCE-Santiago ábreanse accións de mellora relacionadas co deseño e posta en marcha do Plan de Acción Titorial, de organizar actividades e/ou estratexias formativas en colaboración coa biblioteca, implicar ao alumnado egresado na participación en enquisas de satisfacción, e a realizar un estudo dos horarios para optimizar e mellorar os existentes.

A presidenta da comisión, despois desta exposición, fai unha valoración moi positiva dos datos, aínda que hai cuestións que indican que hai que seguir traballando. A responsable de calidade, Paula López, indica, para que conste en acta, que a acción referida á solicitar conserxe de tarde vai pasar á Memoria de Calidade e vai ser unha acción de centro e non exclusivamente dun título. E que a acción referida ao itinerario formativo do profesorado, común a ambos títulos, é una acción do Plan Estratéxico.

Sen máis intervencións, a presidenta da Comisión somete a aprobación o Informe de seguimento (curso 2022-23) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria. Apróbase por asentimento.

4. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.

A presidenta da Comisión indica que xa informou no punto anterior a coordinadora, María Campos, sobre a situación do Dobre Grao. Sinala que é unha dobre titulación que está amosando valoracións moi positivas, e que manifesta unha satisfacción elevada, aínda que hai que seguir traballando nalgunhas cuestións que se amosan máis febles.

5. Análise e reflexión sobre as queixas e reclamacións do alumnado, e decisións a tomar.

A presidenta da Comisión da a palabra á vicedecana Paula López, quen comenta ás queixas e reclamacións recibidas tanto no Decanato da FFP como as rexistradas na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), que se atopan detalladas no anexo desta acta.

Despois do análise e reflexión feito, a presidenta da Comisión suliña que é intención do Decanato resolver satisfactoriamente todas aquelas cuestións que se adaptan á normativa vixente e sexan se lóxica común. O vicedecano, Santiago López, incide en que todos os anos hai reclamacións relacionadas coa dispensa de asistencia a clase, e indica que no documento de dispensa hai un parágrafo específico que informa de que nas materias nas que se concede a dispensa pode haber actividades de asistencia obrigatoria para todo o alumnado matriculado, e que é necesario que cada estudante comprobe no programa de cada materia esta situación.

6. Rolda aberta de intervencións.

A presidenta da Comisión agradece ás coordinadoras de título, Alba Souto e María Campos, e á vicedecana Paula López, todo o traballo realizado para a elaboración do Informe de Seguimento. Tamén agradece ás coordinacións de curso, aínda que non forman parte da Comisión de Calidade, a súa colaboración e o seu traballo, porque sen elas non sería posible reunir tanta información que nos permita seguir avanzando e mellorando.

A vicedecana, Paula López, indica que está en proxecto o Plan estratéxico da USC, e que mentres non estea validado podemos poñer igualmente nos documentos da Facultade o Plan Estratéxico 24-26 como referencia.

Sen mais intervencións a presidenta da comisión agradece a presenza e o traballo de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Vº e Prace da Presidenta

Asdo: Virginia Aznar Cuadrado

Asdo: M. Carmen Sarceda Gorgoso

ANEXO

- Informe de queixas, reclamacións e suxestións do curso 22-33

INFORME DE QUEIXAS, RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS CURSO 22-33

Sintetízanse a continuación as queixas e reclamacións recibidas correspondentes á FFP-Lugo, tanto no Decanato como as rexistradas na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR).

No Decanato da Facultade presentáronse en total 8 queixas e reclamacións no curso 2022-23, as cales se detallan a continuación:

Alumnado de Educación Infantil

1. O alumnado de 2º curso de Educación Infantil e 2º curso de Dobre Grao en Educación Infantil e Primaria presenta unha queixa sobre cambio de horarios dunha materia e carga de traballo. A docente responsable enviou un escrito ao Decanato contestando a cada unha das cuestións presentadas, indicando os motivos e acompañando documentación acreditativa (horarios aprobados pola Xunta de Facultade, programas das materias, etc), amosando en todo momento interese por dialogar co alumnado para intentar resolver o conflito creado. Convocouse unha reunión co alumnado, a decana e a profesora, tratouse o tema e foi solucionado o problema.
2. Unha alumna do Grao en Mestre/a de Educación Infantil solicita ampliación de matrícula fóra de prazo das materias Prácticum II e TFG. Dítase resolución reitoral que resolve desestimar a solicitude de acordo coa convocatoria de matrícula para o curso 2022-23. A alumna solicita una impugnación contra a Resolución reitoral e solicita que se revise a resolución para poder concluír os seus estudos no curso académico 2022-23. Solicitan informe á Facultade sobre o alegado pola alumna. Emítase informe favorable. Estímase o recurso potestativo de reposición e autorízase a ampliación da matrícula das materias solicitadas.
3. Unha alumna do Grao en Mestre/a en Educación Infantil solicita modificar a súa matrícula para poder recibir bolsa do Ministerio por non ter o mínimo de créditos matriculados. Solicita o cambio do seguinte xeito: eliminar as materias optativas: G3131451 Idioma estranxeiro para a educación infantil: inglés e G3131455 Teoloxía católica e a súa pedagogía; engadir as materias obrigatorias: G3131321 Aprendizaxe da matemática, G3131422 Aprendizaxe das Ciencias Sociais e G3131423 Aprendizaxe das Ciencias da Natureza. Solicítase informe á Facultade. O decanato informa a solicitude de xeito parcialmente favorable nos seguintes termos: autorizar á alumna anular a matrícula de calquera das materias optativas solicitadas (recoméndase anular a materia G3131455 Teoloxía católica e a súa pedagogía), e autorizar a matrícula na materia obrigatoria de 4º curso G3131423 Aprendizaxe das Ciencias da Natureza, a única das materias que solicita que sería posible superar coa realización dunha única proba final. Á vista do informe emitido polo centro dítase Resolución reitoral do seguinte xeito: estimar dar de baixa a materia optativa G3131455 Teoloxía católica e a súa pedagogía e dar de alta a materia obrigatoria G3131423 Aprendizaxe das Ciencias da Natureza; desestimar dar de baixa a materia optativa G3131451 Idioma estranxeiro para educación infantil: Inglés e dar de alta as materias obrigatorias G3131321 Aprendizaxe da matemática e G3131422 Aprendizaxe das Ciencias Sociais.

Alumnado de Educación Primaria

4. Unha alumna do curso ponte do Grao solicita unha reclamación/ revisión do TFG da mención Audición e Linguaxe por desacordos coa titora. A reclamación foi denegada. Acordouse non admitir a trámite a solicitude polos seguintes motivos: 1º- A revisión das cualificacións realízase por parte dos/as docentes encargados delas nas datas establecidas para tal efecto. 2º- Segundo se recolle no artigo 9.2 da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da USC *“Contra a cualificación outorgada polo profesorado encargado da materia ou polo tribunal nomeado para o efecto, o alumnado poderá interpoñer reclamación motivada dirixida ao decano ou director do centro a que estea vinculada a titulación, no prazo de 10 días hábiles dende que se produciu a revisión. Para poder exercer este dereito é necesario que o alumno acudise previamente ao proceso de revisión do exame. A presentación de queixas ou consultas non paraliza este prazo”*. Segundo informe da docente que exerceu como titora e avaliou o TFG, a alumna non acudiu á revisión do exame en ningunha das dúas datas previstas, polo que non reúne os requisitos recollidos na normativa para exercer o dereito á reclamación
5. Unha alumna do Curso Ponte do Grao presenta unha reclamación ante o Decanato solicitando a revisión da avaliación dunha materia con dispensa de asistencia a clase. A reclamación foi desestimada. Segundo informe emitido pola docente, facilitáronselle á alumna os medios para superar a materia. Non hai evidencias de que os contidos da proba escrita non se adecúen ao programa da materia, e non se aprecia existencia de discriminación polo feito de ter dispensa de asistencia a clase. A alumna non queda conforme e presenta recurso de alzada. O reitor resolve retrotraer as actuacións co obxecto de que o decanato da Facultade redacte novamente a proposta de resolución que segundo a normativa de revisión de cualificacións lle corresponde, en relación ao escrito presentado pola alumna no que se solicita revisión da cualificación outorgada nunha materia do curso académico 2022-23. No decanato emítese informe de novo e ratifícase na resolución emitida con anterioridade, desestimando a revisión da cualificación, e tampouco considera que o profesorado estea obrigado a publicar máis material do que xa ten na aula virtual.
6. Un alumno do Grao en Mestre de Educación Primaria presenta un escrito por un problema coa dispensa de asistencia a clase concedida para unha materia. Concedeuse a dispensa indicando a necesidade de revisar o programa da materia porque poden figurar actividades de asistencia obrigatoria incluso para o alumnado con dispensa. É o caso desta materia, que no apartado de observacións indica que todo o alumnado matriculado debe desenvolver íntegramente as actividades das clases interactivas. Ao alumno, cando se pon en contacto co profesorado da materia, xa se lle indica que ten que asistir a determinadas clases. Non está de acordo con isto e presenta unha queixa ante o Valedor da Comunidade Universitaria. O Valedor solicita informe ao Decanato, que á súa vez solicita informe ao profesorado encargado da materia. Elaborouse un informe para dar resposta á solicitude do Valedor nos termos que se indican.

Alumnado do Dobre Grao

7. Dúas alumnas do Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria presentan una queixa relacionada coas condicións de finalización do Dobre Grao no que respecta ás materias optativas. Aínda que foi unha mala interpretación por parte delas a hora de realizar a matrícula (o resto do alumnado non tivo ningún problema) e o sistema informático tampouco detectou ningún erro ata o desdobre dos expedientes, xa defenderan o TFG e xa estaban recepcionadas as actas na UXA. Examinado o asunto no

decanato da Facultade, chégase a conclusión de que as materias optativas das mención poderían ser ofertadas para os dous Graos xa que se trata en ambos casos de titulacións de Mestre/a e polo tanto con moitas competencias en común. Isto debe acordarse coa Facultade de Ciencias da Educación que tamén oferta o Dobre Grao, non sendo posible nese momento por estar a piques de comenazar o proceso de cambio do equipo decanal. As alumnas tamén presentaron reclamación na OAR e no SXOPRA. Con todo, permitiúselles facer o depósito de título no Grao en Mestre/a de Primaria

Alumnado do MDAEN

8. Unha alumna do Máster DAEN presenta unha solicitude de validación do prácticum por recoñecemento de experiencia profesional fóra de prazo, polo que non se concede e se archiva a solicitude. Interpón un recurso potestativo de reposición. Tendo en conta o informe emitido polo Coordinador do Máster DAEN, no que di que dispón da experiencia profesional necesaria para que lle sexa recoñecida a materia solicitada, o reitor resolve estimar o recurso potestativo de reposición interposto pola alumna, e en consecuencia, levantar o arquivo de solicitude e darle o trámite correspondente co obxecto de valorar a experiencia profesional que acredita a alumna no ámbito das actividades educativas na natureza e recoñecer, se procede, a materia Prácticum do Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Por outra banda, no curso 22-23 na Oficina de Análise de Reclamacións constan 3 recursos administrativos e 3 queixas. Todos eles foron rexistrados previamente no Decanato da Facultade, polo que se detallan nos parágrafos anteriores, agás unha queixa presentada por un estudante do MPES con dispensa que solicitou a anulación de matrícula no segundo semestre, e que non foi admitida, e un recurso sobre recoñecemento de estudos presentado por un estudante do Grao de Primaria, que non foi admitido.

Lugo, 29 de abril de 2024



Paula López Rúa

Responsable de Calidade da FFP

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/07/2024 21:29:02.

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/07/2024 21:24:06.

CSV: E112-5DB2-4D7E-AFE8